

Algunhas visións de Rosalía de Castro

Anxo Angueira

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

ANGUEIRA, ANXO (2011 [2009]). “Algunhas visións de Rosalía de Castro”.
En *Rosalía 21*. Vigo / Santiago: Xerais / Dirección Xeral de Creación e
Difusión Cultural, 95-102. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de
poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/954>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

ANGUEIRA, ANXO (2009). “Algunhas visións de Rosalía de Castro”. En *Rosalía 21*. Vigo / Santiago: Xerais / Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural, 95-102.

* Edición dispoñíbel desde o 27 de xuño de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Algunhas visións de Rosalía de Castro

ANXO ANGUEIRA

NINGUNHA OUTRA personalidade de Galicia foi e é tan asumida como súa polo pobo galego. Rosalía de Castro resulta, co seu capital simbólico acumulado, xeración tras xeración, un referente nacional, tanto para os propios coma para os estraños, tanto dentro coma lonxe de Galicia. Ningunha outra figura literaria ou cultural ou política ou o que for xerou tantas páxinas, tantas imaxes, tanta música ou tanta arte en xeral coma Rosalía de Castro. Así, por exemplo, Xesús Alonso Montero, na súa *Coroa poética para Rosalía de Castro* de 1985, di levar recollidas preto das cincocentas composicións poéticas a ela dedicadas. Mais os atributos e o debuxo dos seus perfís foron variando ó longo da historia, como variaron e evoluíron as revisións estéticas e políticas do proxecto que ela mesma encabezou. Propómonos nestas liñas facer un sucinto seguimento destas variacións á luz de textos a ela dedicados, especialmente poéticos.

Despois dos *Cantares Gallegos*, e polo tanto moito antes da súa morte, xa Rosalía era motivo literario. Tanto, que foi precisamente a edición deste seu primeiro poemario en galego a que xerou a primeira carta en prosa en galego moderno, como así foi cualificada por quen a exhumou: Victoria Álvarez Ruíz de Ojeda. Datada en Salamanca no mes de Santos de 1863 e asinada por Camilo Álvarez de Castro, este Chantre da catedral castelá, fascinado pola súa poesía e polo horizonte social e político que abría, insiste en cualificar Rosalía, moi cariñosamente, de *meiga*. E Lamas Carvajal no seu *Espiñas, toxos e frores* de 1874, moito antes tamén de *Follas Novas*, anuncia outro dos grandes atributos para a cantora do pego negro das Torres de Oeste:

Rousinol da miña patria,
da nosa ribeira rola,
pombiña con pico de ouro
xenio esprendente de gloria.

“Á rola de Galicia”, leva por título o poema. A rula, a pombiña. Ela, que precisamente enfatiza que non canta pombas nin flores, recibe este trato tan cariñoso coma o do Chantre, aínda que ben máis mexeriqueiro, que perdurará longo tempo. Así, nunha longa ponla da posteridade triunfa a “rola” ou a “rula”: nas *Chorimas* de Alberto García Ferreiro de 1890, nos *Follatos* de Filomena Dato Muruais de 1891, na *¡Lenda de horrorre!* de Galo Salinas de 1894... E así tamén xa no século xx en Antonio García Hermida, Ramón Armada Teixeira, Xerardo Álvarez Limeses, no mesmo Ramón Cabanillas e en tantos e tantos outros.

Mais a vida e a produción literaria de Rosalía, desde *Cantares Gallegos*, aínda que non o pareza, non foron un camiño directo e de rosas precisamente cara a gloria literaria. Moito ó contrario. A súa radicalidade, así literaria como social e política, nunca foi ben asimilada polo seu entorno. Rosalía era a tola, a estrafularia, a irreverente, a non católica (a católica en tódolos sentidos era Emilia Pardo Bazán). E era desde logo tamén a pobre, a non propietaria. Así, como todo o Rexurdimento galego, foi acosada polos poderes fácticos. A súa morte comezou a erguela ó limbo dos grandes da patria, mais poucos poemas, coma o de Curros Enríquez, un fillo leal, recollen precisamente esta condición de “comesta dos lobos” (dos lobos da terra e dos lobos do ceo, como dicía o de Celanova), esta condición de tola, de rebelde, de soa. No fondo, de libre:

Do mar pola orela
mireina pasar,
na frente unha estrela,
no bico un cantar.
E vina tan sola
na noite sin fin,
¡que inda recei pola probe da tola
eu, que non teño quen rece por min!
A musa dos pobos
que vin pasar eu,

comesta dos lobos,
comesta morreu...

Os ósos son dela
que vades gardar.

¡Ai, dos que levan na fronte unha estrela!

¡Ai, dos que levan no bico un cantar!

Esta visión de Curros, para nós feliz, ten un singular atractivo engadido. A estrela que lle el pon na fronte, a estrela da liberdade, é moi similar á que quere para súa propia testa o poeta cubano independentista José Martí no poema “Yugo y estrella”, do libro *Versos sencillos* (1891), que remata así:

—Dame el yugo, oh mi madre, de manera
que puesto en él de pie, luzca en mi frente
mejor la estrella que ilumina y mata.

Aínda hoxe non sabemos con certeza se o poema de Curros é de 1885, cando morre Rosalía, ou de 1891, cando os seus restos foron trasladados da Adina de Iria ó Bonaval de Compostela. Daquel cemiterio radiante cantado pola propia autora e que ela escollera como derradeira morada –ese no que anónima e en probe caixa e sen compañía unha mañá se enterrou, ese no que logo vivía, como nos di seu curmán Xosé Hermida en 1888 no seu *A Rosalía*, na frialdade do abandono–, á cidade monumental pero *lúgubre*, como o propio Hermida, contrario a calquera mudanza, lle puña a Compostela.

Mais o certo é que este traslado si que supuxo a canonización da nosa autora. Todo un río de poemas e textos (en prosa e verso, en galego, castelán, catalán e portugués) dedicados a Rosalía, nos que esta seguía maiormente sendo rousiñol ou rula ou pomba, acompañaron esta tristísima viaxe. Véxase para o comprobar o *La Patria Gallega*, órgano oficial da Asociación Rexionalista, de 30 de maio de 1891. Ou pénsese que é precisamente nestes anos cando Xoán Montes compón o que ía ser un auténtico himno nacional, que en 1892 viu luz (¿como non?) na Habana, o *Negra Sombra*.

Foi esta unha canonización non católica, desde logo, porque a Igrexa e a Restauración reaccionaria amostraron neses actos o seu perfil anti-rosaliano, mesmo o seu odio cara Rosalía e o que ela representaba.

A canonización procedeu do rexionalismo, do movemento político galeguista –liderado precisamente por Manuel Murguía, o seu home–, que naquela altura utilizou a figura de Rosalía de Castro para relanza-lo seu proxecto. Foi, pois, unha canonización de índole política.

E esta canonización probabelmente lle custou á nosa figura unha inicial e custosa peaxe. O rexionalismo primeiro e logo o nacionalismo, social e politicamente febles e, en certos aspectos, tamén conservadores, elevaron ós precarios altares da institucionalización unha Rosalía santa e nai, nai sufridora das penas propias e das alleas. Os retratos máis épicos feitos polo propio Murguía en *Los Precursores* (1885) ou por Carré Aldao, que en 1898 dicía dela que era “imaxe dos pobos irredentos”, ficaram no faiado. E entón é así, como santiña e nai, como nola presenta Ramón Cabanillas, sen esquecer tampouco o papel de *rula*, nos seus poemas titulados “A Rosalía de Castro”. Así remata o que é soneto e se inclúe en *Da terra asoballada*:

¡Rosalía! ¡ña Nai! ¡miña Santiña...!
¡méntre-la Rula milagreira escoito,
sinto unha doce man que me acariña!

Os dous textos de Cabanillas son de 1917, ano no que o campo político volve botar man da nosa autora. Acaban de fundarse as Irmandades da Fala e o 31 de xullo dese ano inaugúrase o monumento a Rosalía na Alameda de Compostela. Cómpre talvez sinalar aquí o especial eco que a figura de Rosalía ten nas letras catalás, e non só porque a súa figura axudase na solidariedade política rexionalista, en 1981 e agora en 1917. Deste ano son as traducións de *Cantares* feitas por Joan Martí i Trenchs ou a escolma da Joventut Nacionalista de Barcelona. Pero desde Teodoro Llorente e Joaquín Rubió i Ors ata Josep María Llompart pasando por Salvador Espriu Rosalía foi especialmente lida e admirada nos Países Cataláns.

E así funcionou ou se quixo que funcionase, como nai, *mater* protectora, como santiña dos altares do pobo; perfís doces, formas consabidas e redondas. Probabelmente fosen estes roles, o de nai e o de santa, os que máis prexudicaron a súa figura, tanto na súa dimensión literaria como na política, ó desactivaren todo o potencial transgresor e revolucionario da súa obra. E probabelmente fosen tamén estes roles os que

máis perviviron no imaxinario conservador. Quizais tamén porque toda canonización literaria ten o perigo de converterse en santificación. E velaí o paradoxo de ser considerada nai e santa unha escritora cuxa vida e cuxa obra foron continuos posicionamentos que sempre desmentiron semellantes lousas ideolóxicas, unha escritora aberta e declaradamente feminista, contraria de raíz a eses papeis impostos polo patriarcado, que condenaban a muller á submisión, como en tantos e tantos textos demostrou, encarándose cos usos e costumes, coa tradición, coa relixión, coa política vixente, co cancionero popular galego alí onde este era reaccionario... ¿Rosalía santa? Non, dicía John C. Wilcox, monstro. Non, costureira, decemos nós.

Nos anos trinta comezan a xestarse novos perfís e novos moldes. Un contributo senlleiro foi o de García Lorca coa súa “Canzón de cuna pra Rosalía de Castro, morta” de 1935. O poeta granadino rescata desde a estética neopopular unha Rosalía máis *muller*: amiga, amada, con cabelos e por conseguinte con corpo. No texto faise unha homenaxe intertextual, como é habitual nestes casos. E se Lorca traballa a partir especialmente de “Cantan os galos pró día”, José Angel Valente recreárase a partir daquel “fun polo aire / e vin polo vento” moitos anos despois, en 1968. E Gerardo Diego, por apuntarmos casos ben ilustres de poetas de Rosalía en castelán, ademais das citas executa a homenaxe coa lingua galega. O certo é que entre os poemas dedicados a Rosalía, poucos serán quen de desprenderse da cita, da homenaxe, da contaminación, das faldras, do poder da autora, cifrado na súa poderosa canonicidade que amalgama a dimensións estática e dinámica. Nalgúns textos a intertextualidade chega a ser compulsiva, como a de Aquilino Iglesia Alvariño, que nos *Cómaros verdes* de 1947 volve en plan diminutivista sobre a pombiña e a ruliña na nenia dedicada á nosa autora.

Mais é tamén agora nestes anos anteriores á Guerra Civil cando comeza a traballar no imaxinario do nacionalismo Vicente Risco, tradicionalista e esencialista, a saudade como característica nacional galega (galego-portuguesa). O poeta da saudade, Teixeira de Pascoaes, é tamén poeta de Rosalía en 1925 e nas páxinas d’*A Nosa Terra*. E con Teixeira son moitos tamén os poetas portugueses de Rosalía, como recolle Xosé Lois García no seu *Rosalírica* de 1985; de Eugénio de Andrade a Viale Moutinho pasando por Nuno Júdice ou Ramos Rosa.

O fascismo no 36 mandou a literatura galega e Rosalía ó exilio. Non podía fusilala ou asasinala nas cunetas. E o exilio foi xuntala coa emigración, para a que era e hoxe segue sendo bandeira. Conmove o “Rosalía” do coterráneo seu Ramón Rey Baltar, incluído no primeiro libro do galeguismo exiliado, *A gaita a falare* (1939).

Pola súa parte, a xeración de Galaxia, especialmente Ramón Piñeiro, recolleu procedente de Risco a idea da saudade como símbolo nacional, aínda que con outros principios filosóficos, e fíxoa callar con forza. Na posguerra, co novo xiro político deste galeguismo denominado culturalista, a figura de Rosalía de Castro volvía ser reapropiada, tornábase de novo bandeira. A data é 1952 e a publicación *7 ensayos sobre Rosalía de Castro*. Arredor da poeta intimista, da poeta da sombra, da soidade, da dor e da angustia, do cravo, escúlpeuse unha nova Rosalía, agora moi desvinculada de *Cantares Gallegos* e do *folklore*, xa non digamos do social e do político. É a Rosalía Heidegger, a Rosalía profunda, metafísica, filosófica, existencial, a auténtica, a Rosalía da saudade. Acabouse a nai e a santiña: velaí vén a verdadeira alma de Galicia (“Rosalía. Galicia. Dous nomes que no sentir das xentes viñeron case a siñificar a mesma cousa”, por R. Piñeiro). Xa non é a poeta rexional e pintoresca: é a Rosalía universal. Carballo Calero, García Sabell, Celestino F. de la Vega, Rof Carballo e Ramón Piñeiro, xunto con Jacinto do Prado Coelho e Salvador Lorenzana, pero especialmente os primeiros, edifican nesta obra unha nova, sólida e elevada imaxe de Rosalía, retratada plasticamente, ó final do libro, por Carlos Maside e Xohán Ledo, e poeticamente, ó principio, por Luís Pimentel e o mencionado Teixeira de Pascoaes. O poema que se recolle do de Amarante, aquel de 1925, desde logo encaixa bastante ben cos ensaios:

Divina Rosalía

Senhora da Saudade e da Melancolía...

Alma de Deus despida, exposta á chuva e ao vento

Alma, só alma, num deslumbramento

Pola súa parta, o de Luís Pimentel, poeta entregado a Rosalía en varios textos, dálle por fin corpo á nosa autora, un corpo deforme que esgaza as idealizacións. O poema é brutal en relación ós ensaios e hoxe permanece no imaxinario literario, xa non só dun xeito moito máis in-

tenso ca eles, senón que vindicado por moitos coma un dos máis altos cumes do subxénero “A Rosalía”, desde o manifesto dos versos iniciais: “Non convén chorar máis / ela chorou por todos e pra sempre”. Na nosa idea Pimentel comparte con Curros unha visión da autora que nola aproxima ó infinito, algo que ten que ver co nestas páxinas exposto por María do Cebreiro a propósito da sombra. A noite sen fin de Curros é serán que está esmorecendo sempre ou noite que endexamais rematará en Pimentel, como será en Álvaro Cunqueiro “ribeira escura / onde as pradeiras / eternamente foxen diante dos ollos”.

O éxito desta nova Rosalía (desta nova Galicia, literariamente edificada sobre lirismo/saudade, humor e paisaxe, os “factores esenciais” de Ramón Piñeiro), aínda que notábel, axiña foi contestado. E se Augusto Casas fala no seu poema de 1962 da “Santa Rosalía da Saudade”, xa Xohana Torres en 1957 pedía “unha tomba limpa de pisadas”, Novoneyra en 1959 reclamaba unha Santa da Terra e de “ganar Galicia loitando polo home” ou un épico Arcadio López Casanova vinculaba Rosalía a unha Galicia ceibe en 1963. E vai ser precisamente este ano de 1963 decisivo na moderna historia de Galicia. Ó tempo que a Academia Galega, por iniciativa de Francisco Fernández del Riego, aproveita o centenario de *Cantares Gallegos* para promove-la celebración do Día das Letras Galegas (o 17 de maio, día en que asina Rosalía a súa obra), de formidábel repercusión xa en pleno franquismo, a esquerda nacionalista organízase politicamente (PSG e UPG). Vaise fraguando nesta e na seguinte década unha revisión a fondo de Rosalía de Castro, unha revisión que pon de relevo a escritora patriótica e social, a que denuncia o trato recibido polos galegos en Castela, a que retrata a traxedia da emigración, a revolucionaria de “A xusticia pola man”, a Rosalía dos oprimidos, do pobo oprimido. E axiña tamén comeza a se fraguar outra decisiva revisión, a que desvela, con todo o seu vigor, a muller escritora, a Rosalía feminista, o fío que conduce á explosión contemporánea da escrita de mulleres. Estas revisións callarán definitivamente nos anos oitenta, especialmente arredor do Congreso Internacional “Rosalía de Castro e o seu tempo”, celebrado no centenario da morte da autora en 1985, e cuxas *Actas* son ben eloucentes destas novas olladas. En 1984 *A nosa terra* publica un especial co significativo nome de *Rosalía viva*. A revista *Festa da palabra silenciosa* dedícalle o seu volume 2 de 1985. Os traballos de Carme

Blanco, María Xosé Queizán, Pilar García Negro, Katleen March entre outras, son de referencia. E aínda Catherine Davies publica *Rosalía de Castro no seu tempo* en 1987 e Francisco Rodríguez a súa *Análise sociolóxica da obra de Rosalía de Castro* en 1988. Rosalía ensancha e medra cara tódolos ámbitos ó tempo que se esnaquiza unha e outra vez a imaxe da “valente choromiqueira” que Curros puxera en boca de Emilia Pardo Bazán e que aínda utilizan os seus inimigos. Rosalía enche páxinas, poemas, poemarios enterios. Das máis novas ás vellas xeracións. Velaí, poñamos por caso o de Luz Pozo Garza, poeta longa e fondamente rosaliana, e a súa *Vida secreta de Rosalía* de 1996 da que citamos “Así te ibas erguendo / labrada de ti mesma”. Ou a antoloxía *Daquelas que cantan. Rosalía na palabra de once escritoras*, mulleres das sucesivas xeracións que se reclaman de Rosalía.

Pero Rosalía non se esgota. As investigacións biográficas de Victoria Álvarez Ruíz de Ojeda desmontaron nos últimos anos falsos lugares comúns decisivos na comprensión cabal da autora: o abandono da nai e ese necesario paso pola aldea xa están sepultos, a paternidade comeza a cuestionarse, cómpre reescribi-la biografía. E novas achegas desde a análise da paisaxe, as estratexias discursivas, a utilización dos cantares populares, os espazos simbólicos de transgresión e resistencia, o suxeito político, etc. fannos ver que Rosalía de Castro resulta inesgotábel. Ela mesma contribuíu coas súas estratexias a ocultarse, mesmo a encriptarse. Por iso cada xeración que se lle achegue pode te-la satisfacción de atopar nela aspectos nunca vistos. Rosalía sempre falará, coma os grandes escritores, e estará viva na medida en que o estean os seus lectores. Que Galicia teña como “pai da patria” unha muller, xa é ben significativo da súa orixinalidade e de que todo o proceso iniciado no Rexurdimento está aliado coa transformación e mesmo coa subversión. No fondo, e a pesar de todo o dito aquí sobre as visións de Rosalía, creo que é esa a idea xeral que manexa o pobo galego cando escolle Rosalía de Castro para darlle nome a unha escola, a unha rúa, a un grupo folclórico, a unha sociedade de emigrantes, a unha publicación... Que Rosalía seguirá sendo bandeira nacional, non nos merece ningunha dúbida. A súa imaxe está destinada a acompañar e iluminar para sempre, cos perfís que foren pero coa luz daquela estrela, o proxecto para Galicia que ela mesma axudou decisivamente a pór en marcha: o da liberdade.